

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO PRECISO PARA A INSTALACIÓN DE SALAS GESELL NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2021

REUNIDOS

Dunha banda, **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación desa Vicepresidencia Primeira e Consellería, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra banda, **María del Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante AMTEGA), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as Leis Orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado. Esta cláusula estatutaria resulta de aplicación respecto da previsión do artigo 37.1 da Lei orgánica do Poder Xudicial, que establece que corresponde ao Goberno prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función

con independencia. Naquela cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Este traspaso levouno a cabo o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, ampliado polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro. Entre as funcións traspasadas polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, e asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, inclúense, entre outras, a adquisición de todo tipo de equipamento tecnolóxico imprescindible para o correcto funcionamento dos órganos e servizos xudiciais en Galicia.

Segundo.-Que, segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a AMTEGA ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da AMTEGA a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da AMTEGA, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Terceiro.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Tendo en conta o anterior, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás

seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento do proxecto de equipamento tecnolóxico para a instalación de salas Gesell na Administración de Xustiza en Galicia.

Segunda.- Financiamento

O importe da achega da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior ascenderá a CIENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €), que será obxecto de retención de crédito, para a súa posterior baixa na aplicación orzamentaria 05.22.131A.626.0 (código de proxecto 2021 00013) dos orzamentos de gastos para a anualidade 2021.

Posteriormente á formalización do presente acordo, a Amtega, remitirá á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.131A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.131A.626.0, código de proxecto 2015 00002, dos orzamentos da Amtega para a anualidade 2021.

Terceira.- Actuacións a desenvolver

Ao abeiro do presente acordo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, procederá á adquisición e instalación de equipamento preciso para a instalación de salas Gesell en diversos edificios da Administración de xustiza en Galicia.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá desenvolver calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a AMTEGA, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da AMTEGA.

Cuarta.- Previsións de desenvolvemento.

Sen prexuízo do previsto na cláusula anterior, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Quinta.- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula segunda.

Sexta.- Causas de extinción.

Será causa de extinción deste Acordo:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Acordo

Sétima.- Comisión mixta de coordinación e seguimento.

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a comisión de seguimento do acordo, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado co seu obxecto. As controversias sobre a súa interpretación e execución serán resoltas de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo: o Director Xeral de Xustiza, ou persoa en quen delegue.
- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia: a Directora da Axencia, ou persoa en quen delegue.

Oitava.- Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia. O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente acordo. Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Novena.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

O vicepresidencia primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica

Alfonso Rueda Valenzuela

María del Mar Pereira Álvarez